

Diagnose da situación de homes e mulleres na UDC



Oficina para a Igualdade de Xénero
Vicerreitoría Igualdade Cultura e Deporte
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)	3
EVOLUCIÓN DO PDI POR SEXO	3
EVOLUCIÓN DO PDI POR ÁREA DE COÑECEMENTO (2020)	4
EVOLUCION DO PDI POR CATEGORÍA PROFESIONAL.....	5
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS).....	7
ALUMNADO.....	9
ORGANOS DE GOBERNO/DECANATOS/DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTOS	17

INTRODUCCIÓN

A Universidade da Coruña conta dende o ano 2013 cun Plan de igualdade. Un dos seus obxectivos é o de acadar unha presenza equilibrada entre homes e mulleres na nosa institución. Este informe de diagnose recompila a información necesaria para facer unha análise fiable das desigualdades existentes hoxe en día nos tres estamentos (profesorado, persoal de administración e servizos e o alumnado).

Preséntanse estatísticas do período do 2016-2019 (nalgúns casos ata o 2020), obtidas pola Unidade de Análise e Xestión de Datos (AXD) e publicadas na páxina web da UDC.

Esperamos que as conclusións que se tiren a partir desta diagnose axuden a ver a necesidade de introducir medidas eficaces que poidan corrixir nun futuro próximo as desigualdades existentes na nosa universidade.


PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)


En xeral, o PDI esta formado maioritariamente por homes (~60%) e esa tendencia non mudou no período avaliado.

Namentres, a distribución do PDI por áreas de coñecemento amosa profundas desigualdades nalgunha desas áreas. Enxeñaría e Arquitectura e Humanidades e Arte están fondamente masculinizadas, mentres que a presenza de PDI mulleres é maioritaria na área de CC. da Saúde.


Se poñemos o foco nas categorías profesionais do PDI, pódese observar unha presenza equilibrada entre homes e mulleres no inicio da carreira profesional (profesorado axudante, axudante doutor/ra, asociado/a), pero a medida que avanzamos nas categorías superiores a presenza feminina é menor, de modo que unicamente o 19,5% (2019) das cátedras están ocupadas por mulleres. Esta fotografía da distribución do PDI por categorías profesionais é habitual nas universidades españolas (diagrama de tesoiras) e os datos recompilados amosan que a situación non mudou significativamente na UDC nos últimos catro anos avaliados.


EVOLUCIÓN DO PDI POR SEXO







EVOLUCIÓN DO PDI POR ÁREA DE COÑECEMENTO (2020)






EVOLUCION DO PDI POR CATEGORÍA PROFESIONAL






PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)


A diferenza do que sucede no PDI, a presenza de mulleres no persoal de administración e servizos é maioritaria (por riba do 60%). Ora ben, ao observar a distribución entre homes e mulleres segundo a categoría profesional, os homes son maioría na categoría inferior E (55,4 % no 2019) e na categoría superior A1 (60% no 2019).











ALUMNADO


A presenza de mulleres e homes entre o alumnado da nosa universidade é paritaria: hai practicamente o mesmo número de mozas que mozos matriculados nos últimos seis cursos académicos nos distintos graos que ofrece a UDC. No caso da matrícula nos diferentes cursos de posgrao (ou másters), obsérvase un incremento significativo do número de homes matriculados nos últimos seis anos, mentres que o número de alumnas permanece case constante. No curso actual (2020/21) as estatísticas mostran que o número de alumnas e alumnos é similar nos estudos de posgrao. Na etapa de estudos de doutoramento, a porcentaxe de alumnos é do 51% fronte ao 49% de alumnas, o cal revela unha situación moi equilibrada.














Se avaliamos o número de homes/mulleres entre o alumnado clasificado segundo a área de coñecemento á que pertencen os estudos de grao, vemos que nalgunha das áreas hai un fondo deesequilibrio. Nos estudos de Enxeñaría a presenza de mulleres está ao redor do 25% nos últimos cinco cursos, mentres que os homes son minoría nos graos da área de CC. da Saúde (20-22%). Estes datos reflicten a realidade social da distribución final do traballo na nosa sociedade onde a gran parte de profesionais dedicados a traballos de coidados son mulleres, mentres que os homes son maioría nas profesións relacionadas coas enxeñarías.




Distribución do alumnado de grao por área de coñecemento, 2016




Distribución do alumnado de grao por área de coñecemento, 2017




Distribución do alumnado de grao por área de coñecemento, 2018






Distribución do alumnado de grao por área de coñecemento, 2019






ORGANOS DE GOBERNO/DECANATOS/DIRECCIÓN DE DEPARTAMENTOS

No que se refire á participación nos órganos de goberno da universidade, actualmente as vicerreitorías ocupadas por mulleres constitúen o 66% do total, mentres que ocupan o 33% dos decanatos ou dirección de centros. Respecto aos vicedecanatos ou subdireccións, a participación entre homes e mulleres é moi similar. Polo demais, as mulleres ocupan o 44% das direccións dos departamentos e o 54% das secretarías. A composición do Claustro é paritaria, pero no Consello Social, as mulleres están infrarrepresentadas, pois só supoñen o 33% da súa composición.




Dirección departamentos, 2020

■ Homes ■ Mulleres




Secretaría departamentos, 2020

■ Homes ■ Mulleres



Composición por sexo do Claustro,
2019

■ Homes ■ Mulleres



Composición por sexo do Consello
Social, 2019

■ Homes ■ Mulleres

